

PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES DA REDE MUSEÍSTICA

CURSO
2019-2020

CONCERTACIÓN DE GRUPOS

Museo Provincial de Lugo
concertacionsrmp@gmail.com

Museo Fortaleza
San Paio de Narla
sanpaioadenarla@museolugo.org

Museo Provincial do Mar
museodamar@museolugo.org

Museo Pazo de Tor
pazodetor@museolugo.org

@RedeMuseistica
@MuseoLugo
@PazodeTor
@MuseoMarLugo
@SanPaiodeNarla

redemuseistica.lugo.org



AXENDA 2030

17 Obxectivos de
desenvolvemento
Sostible
#MuseosVivos



Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA

PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES CURSO 2019 / 2020

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2019 / 2020 e, como sempre, co obxectivo de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

A novidade está en que con esta nova proposta pretendemos que cada docente interesado neste programa decida, de acordo co plan de estudos e o proxecto educativo que estea desenvolvendo, a mellor maneira de utilizar os recursos que lle ofertamos.

O programa estruturase da seguinte maneira:

Actividades didácticas: Propoñomes aos docentes unha serie de actividades didácticas, cuxos obxectivos e contidos describimos brevemente en cada caso, tendo en conta as coleccións e obras expostas neste museo da Rede Museística da Deputación de Lugo.

ODS 2030: Temos en conta para cada actividade didáctica os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (ODS) que enumera a UNESCO.

Relación de obra: Material e suxestións

Unha vez concertada a visita ao museo e antes da súa realización facilitaráselle ao profesorado unha listaxe con fotografías das obras seleccionadas por cada actividade didáctica.

Mapas (in)visibles

Posteriormente ou durante a realización da visita ao museo facilitaráselle a cada alumno ou alumna un modelo (poderanse propoñer outras presentacións) de guía denominado “Mapas (in)visibles” para que cada un, individualmente ou en grupo, elabore, aplicando criterios propios, un roteiro persoal polo museo.

Este material, orixinal ou copia, unha vez supervisado polo profesorado, poderá remitirse ao museo para realizar con el unha exposición de “Mapas (in)visibles” e outras actividades complementarias arredor do Día Internacional dos Museos (17 de maio) de 2020.

Concertación de visitas guiadas e actividades didácticas

Unha vez decidida a maneira de aproveitamento destes recursos, os docentes interesados poderán solicitar unha visita guiada ao museo, indicando a actividade da súa preferencia. A concertación de grupos escolares realizarase exclusivamente a través do mail sanpaiodenarla@museolugo.org

Horario de inicio das visitas: 11:00, 12:30, e 16:00h.

ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

Actividade 1: Visita de iniciación

Comprender que as sociedades actuais están condicionadas polo seu pasado histórico. Recoñecer as ferramentas e analizar a súa evolución e a súa continuidade, así como a necesidade de conservarlas para outras xeracións.

Actividade 2: O castelo encantado

Identificar os distintos estamentos; servos, señorío e cabaleiros mediante os recursos que nos ofrecen as diferentes salas do museo. Analizar como San Paio de Narla é un museo sustentable e comunitario.

Actividade 3: Facendo historia (heráldica)

Fusionar heráldica, historia e desenvolvemento sustentable, condensándoos nun único concepto para amosar que tras un escudo se agocha moita crónica histórica. Un escudo non é unha peza inerte, ao contrario é unha peza parlante, e iso é o que se tentará facer visible incidindo en que é unha fiestra para visionar como era a vida dos nosos homes e mulleres con rango nobiliario do Medievo.

Actividade 4: O porvir do pasado

San Paio de Narla é un museo axente para o coñecemento da vida pasado dos nosos devanceiros, museos que deben de ser, e son, activos na educación dos nosas xeracións educando no concepto de desenvolvemento sustentable e comunidade tan desvalorado hoxe en día. Estudar o paso do tempo, no que se desenvolve o señorío de San Paio de Narla, así como as distintas salas, a través da lenda da Cova da Serpe.

Actividade 5: Na lareira

Visitar a cociña para que o alumnado descubra a transformación que esta dependencia sufriu ao longo do tempo. Compararemos as vellas cociñas e as comidas que nelas se facían coas actuais. O entorno de San Paio proporcionaranos os materiais necesarios para levar a cabo esta actividade e así darémonos conta da importancia de conservar e protexer o noso patrimonio natural con desenvolvemento sustentable, coñecendo a bioesfera do noso entorno (río, árbores, prados, vexetación, ...)

Actividade 6: A bela durminte

Empregando como fío condutor o conto da ela durminte e aproveitando como recurso os obxectos expostos, nun ambiente, en principio, nada atraínte para un neno ou nena, o castelo vaise convertendo no escenario onde a imaxinación cobra vida ata materializarse como real. Aproveitando a riqueza e a variedade do patrimonio cultural tomando conciencia da importancia do pasado para comprender o presente, e para espertar o interese polo cultivo do liño.

Actividade 7: Unha firma medieval, un signo lapidario

Con esta unidade didáctica búscase afondar noutra realidade de San Paio de Narla, pouco coñecida e, por tanto, pouco difundida. Trátase de traballar coa temática dos signos lapidarios que se atopan diseminados por toda a fortaleza medieval e con reminiscencias renacentistas. Recoñeceremos un oficio tradicional como o dos canteiros, buscando eles mesmos o seu propio desenvolvemento sustentable mediante os recursos da natureza como é a pedra e a súa man de obra, tan desvalorada hoxe en día pola evolución dos tempos. A actividade ten dúas fases, una teórica e una práctica.

Actividade 8: Os escribáns en San Paio de Narla

Dar a coñecer un estamento moi relevante na Idade Media ao servizo do señorío. Materiais de refugallo servirannos para levar a cabo esta actividade e ao mesmo tempo os nenos/as terano en conta para construír un patrimonio sustentable.

Actividade 9: Bargeños: encaixando a creatividade

Descubrir una peza do patrimonio nobre. Entender o seu significado dentro dun contexto. Analizar o concepto de contedor de contidos, usando material de refugallo coma antano, valorando o desenvolvemento sustentable dende a perspectiva da economía

Actividade 10: Ollando a cultura-prismáticos

Analizar a funcionalidade dunha peza que cobra vida fora da exposición. Aprender e afondar nos diferentes tipos de visión. Teorizar entre o que o ollo ve, percibe e descobre.

Actividade 11: Xogo de verbas

Aproveitamos a riqueza e a variedade do patrimonio cultural, tomando conciencia da importancia do pasado para comprender o presente, para espertar o interese polo patrimonio material e inmaterial e facer os museos sustentables e comunitarios. Andamos á procura da estimulación e motivación mediante a posta en valor de interesantes e divertidos xogos.

Actividade 12: Á procura do acibeche en San Paio

No plan museolóxico e museográfico de San Paio contéplase unha serie de vitrinas que recollen unha mostra de acibeches. A intención desta unidade é dar a coñecer aspectos e pezas do museo pouco coñecidas por escapar a visión do espectador. De tal xeito que se falaría da tradición do acibeche recorrendo ao espléndido colar de abadesa musealizado *in situ*, e enfocaría a atención na figa pétrea que figura na cheminea renacentista do último andar da torre. Todo isto co expreso desexo de instruír aos nenos e nenas na realidade do acibeche, unha pedra protectora intimamente ligada á nosa cultura galega.

Actividade 13: As pegadas da muller en San Paio: a queixeira

Coñecer a historia da muller campesiña concretamente o de queixeira e algún dos seus oficios. Recoñecer a figura feminina como parte da nosa historia. Favorecer a curiosidade por labores de antano, tan esquecidas hoxe en día, e que isto nos leva a recoñecer e valorar o desenvolvemento sustentable da nosa economía. Valorar a alimentación e o medio ambiente, condicións necesarias para o desenvolvemento sustentable. Fomento da participación comunitaria dos nenos/as.

Actividade 14: A cultura da auga: a sella e a auga

Revalorizar e recuperar a tradición integrando as xeracións nun ambiente rural e sustentable, e ao mesmo tempo facendo participe ao alumnado da súa propia aprendizaxe.

Actividade 15: A identidade do pasado: o cacho e a torta de millo

Estudar e coñecer o rol da muller rural galega no espazo no que se desenvolvía; o campo e a cociña

Actividade 16: Do liño ao tecido: as Cantigas de Arriga

Coñecer e estudar o proceso do tecido tomando como fío condutor a sementeira do liño, e de aí afondar no proceso do folclore galego, investigando no tema das Cantigas de Arriga.

Actividade 17: Fibras vexetais: indumentaria tradicional. Coroza e carapuchos

Afondar noutra realidade de San Paio de Narla pouco coñecida e, por tanto, pouco difundida e traballada; tendente a desaparecer. Faremos de San Paio de Narla un museo sustentable a través dos recursos do entorno que nos xera a natureza.

Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (UNESCO)

- 1.-Fin da pobreza
 - 2.-Fame cero
 - 3.-Saúde e benestar
 - 4.-Educación de calidade
 - 5.-Igualdade de xénero
 - 6.-Auga limpa e saneamento
 - 7.-Energía asequible e non contaminante
 - 8.-Traballo decente e crecemento económico
 - 9.-Industria, innovación e infraestutura
 - 10.-Reducción das desigualdades
 - 11.-Cidades e comunidades sustentables
 - 12.-Producción e consumo responsables
 - 13.-Acción polo clima
 - 14.-Vida submarina
 - 15.-Vida de ecosistemas terrestres
 - 16.-Paz, xustiza e institucións sólidas
 - 17.-Alianzas para lograr os obxectivos
- + info: <https://es.unesco.org/sdgs>

Departamento de Didáctica do Museo Fortelza San Paio de Narla
(34) 982 375 156

sanpaiodenarla@museolugo.org
redemuseisticalugo.org



Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA